



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
25 DE XUÑO DE 2009.-**

Sres. Asistentes: Sr. Alcalde: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. Dª ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. Dª VICTORIO MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. Dª BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e oito minutos de xuño de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
--	---

PUNTO NUM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2009.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 30 de Abril de 2009.

PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DA SENTENZA DO T.S.X.G DE 20-05-09, "APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE PNC 15".-

Dada conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 20 de maio de 2009, "Aprobación definitiva Estudio de Detalle PNC 15, na que se dicta o seguinte **FALLO**:

FALLAMOS: "Que debemos **INADMITIR E INAMITIMOS** en parte el recurso interpuesto por el Procurador de los Tribunales D. MARIA MAR PENAS FRANCOS, en nombre y representación de VICENTE GARCIA CARDAMAS, contra el proyecto de Urbanización del Polígono 15 de Suelo Urbano no Consolidado, por incurrir en desviación procesal y que debemos **ESTIMAR Y ESTIMAMOS** la demanda en relación con el Acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de Ares de 29 de abril de 2005, por el que se aprobó definitivamente el estudio de detalle del Polígono 15 "PNC 15" ANULANDOLO por no ser conforme a derecho, sin hacer expresa imposición de costas.



Visto o informe do Sr. Secretario de data 22 de xuño de 2009 do seguinte teor literal:

"INFORME DE SECRETARÍA"

ASUNTO : Sentenza do T.S.X.G. de 30-04-09 anulación Estudio Detalle Polígono "PNC-15".

Con data 30 de abril de 2009, o T.S.X.G. dicta Sentenza pola que inadmite en parte o recurso interposto contra o Proxecto de Urbanización do Polígono 15 do Solo Urban non consolidado, por incurrir en desviación procesal e estima e por conseguinte anula o Estudio de Detalle do Polígono 15 "PNC-15".

Se descoñece se os codemandados presentaron recurso de casación, ós efectos da firmeza da Sentenza.

O Estudio de Detalle é unha disposición de carácter xeral, dado o carácter normativo dos Plans e a condición de acto de aplicación deles das licenzas urbanísticas, e a Sentenza declarando a nulidade dunha disposición xeral privará de efectos a ésta no momento que se houbese producido. Agora ben, este principio xeral esixe aclaracións.

O artigo 120.1 da LPA de 1958 (Lei de Procedemento Administrativo), contiña unha norma referida á impugnación en vía administrativa, perfectamente aplicable á impugnación xurisdiccional, que non pasou á Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRJPACAP). Dispoñía que a estimación dun recurso interposto contra unha disposición xeral implicaría a súa derogación ou reforma "sen prexuízo de que subsistan os actos firmes dictados en aplicación da mesma".

Esta norma non pasou á Lei 30/1992, LRJPACAP, pero foi recollida no artigo 73 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdiccción Contencioso-Administrativa :

Las sentencias firmes que anulen un precepto de una disposición general no afectarán por sí mismas a la eficacia de las sentencias o actos administrativos firmes que lo hayan aplicado antes de que la anulación alcanzara efectos generales, salvo en el caso de que la anulación del precepto supusiera la exclusión o la reducción de las sanciones aún no ejecutadas completamente.

É decir, o artigo 120.1 da LPA, referido ós recursos administrativos contra unha disposición xeral, despois de establecer que a estimación implicaría "a derogación ou reforma", engadía . "sen prexuízo de que subsistan os actos firmes dictados en aplicación da mesma".



A xurisprudencia, en aplicación deste artigo, sentou como regla xeral que a sentenza anulatoria dunha disposición non se extende ós actos de aplicación (**Así S. de 1 de febreiro de 1989, Ar. 799**), sentando a xurisprudencia do T.S. que a declaración de nulidade dunha disposición de carácter xeral non afecta ós actos administrativos firmes dictados en aplicación da mesma, de forma que en relazón ó planeamento, a anulación do mesmo non implica que deveñan automáticamente nulas as licenzas concedidas ó abeiro do mesmo, cando haxan adquirido firmeza.

Como se Sinalou, o artigo 120 da LPA non pasou á Lei 30/92 LRJPACAP, polo que habería de entenderse derogado, se ben, en canto informado por elementais principios xerais, en aplicación destos parecía evidente que a declaración de nulidade da disposición non se extendía ós actos de aplicación. A normativa da LPA estimouse aplicable á anulación dunha disposición xeral polos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo. Así cabe citar a **S. 11 de abril de 1997 (ar. 2858. Ponente : Fernández Montalvo)** que resumiú así a doutrina xurisprudencial :

“Con igual resultado, en Sentencia de 22 marzo 1993 ([RJ 1993\1905](#)), la Sala atendió a lo que establecía el art. 120 LPA proyectándolo al ámbito jurisdiccional para señalar que «la estimación de un recurso interpuesto contra una disposición de carácter general implicará la derogación o reforma de dicha disposición, establece a continuación, literalmente, que será sin perjuicio de que subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma, lo que quiere decir que la nulidad del Reglamento no determina automáticamente la de todos los actos adoptados al amparo de aquél, sino que, por el contrario, han de entenderse subsistentes los actos que hayan ganado firmeza en vía administrativa, adoptados con arreglo a la Disposición dejada sin efecto».

En definitiva, como ya declaró la Sentencia de 20 octubre 1993 ([RJ 1993\8037](#)), las resoluciones impugnadas tienen también, con independencia del Reglamento invalidado, engarce indiscutible en el art. 17 de la Ley andaluza 8/1984, de 3 julio (cuya regularidad constitucional fue examinada en STC 37/1987, de 26 marzo), sin que se aprecie que la nulidad del Reglamento 276/1984 -por el vicio formal de omisión del dictamen del Consejo de Estado- arrastre en cadena a los actos administrativos impugnados en este proceso.”

Ilustrativa tamén entre outras é a **Sentenza do T.S. de 20 de decembro de 1994 (Rj 1994/10705)**, que no fundamento de dereito 6º dí :



Tiene declarado la jurisprudencia que la nulidad de un Plan de Ordenación no provoca siempre la de las licencias otorgadas a su amparo, subsistiendo en principio las que sean firmes, por aplicación de lo dispuesto en el artículo 120.1 de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958, dado el carácter normativo de los Planes y la condición de acto de aplicación de ellos de las licencias urbanísticas, y quedando las no firmes a resultas de las determinaciones del resto de la normativa urbanística vigente, cuya aplicación determinará si las mismas son nulas de pleno derecho, anulables o, incluso, válidas [Sentencias de 15 junio 1987 ([RJ 1987\6126](#)) y 25 marzo 1991 ([RJ 1991\2018](#))].

Finalmente facer referencia ó artigo 40.1 da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro do Tribunal Constitucional, que ó regula-la eficacia da sentenza declaratoria da nulidade dunha Lei ou disposición con força de Lei, sentou o principio de que non permitía “revisar procesos fenecidos por sentenza con força de cousa xulgada.....salvo no caso dos procesos penais ou contencioso-administrativos referentes a un procedimento sancionador en que, como consecuencia da nulidade da norma aplicada, resulte unha reducción da pena ou sanción ou unha exclusión, exención ou limitación da responsabilidade.

O artigo citado da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, senta o principio xeral da ineficacia da sentenza anulatoria dunha disposición xeral ás sentenzas ou actos administrativos que houbesen sido aplicados antes da anulación –como había sentado a LPA-, coa excepción que había establecido respecto das sentenzas do Tribunal Constitucional o devandito artigo 40 la LOTC.

Finalmente e moi importante suliñar que a Sentenza do T.S.X.G. ó anular o Estudio de Detalle sinala que as determinacións do PXOM desapareceron con efectos **ex tunc** a raíz da declaración de nulidade do mesmo.

Tal é o meu informe que someto a outro mellor fundado en Dereito, en Ares, a 22 de xuño de 2009.

O Secretario,

Asdo. Manuel Larrosa Rodríguez.”

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que os efectos desta Sentencia, tanto os políticos como os outros, que esta Sentencia vai a ter para o noso Concello e sen reabrir aquí un debate que pensó que hai que dar con profundidade, en calquera caso o noso grupo, pediu un informe xurídico a luz do contido da Sentencia o pasado 10 de xuño, e certo que por parte da Secretaría fixose un informe que ó noso xuízo non despexa moitas dúbidas das que nos temos a respecto da situación na que queda o edificio, e cal é o procedimento que haberá que



tomar a partir de agora por parte da Corporación, nese senso reitero a necesidade que ben a través da xunta de Voceiros, ou pola Comisión correspondente se leve toda a información e todo o debate para dilucidar cales poden ser as saídas a esta cuestión, contando ademáis que posiblemente non sexa a última con que nos atopemos de decisións que se tomaron pola anterior corporación, en calquera caso quero reiterar aquí en que ese debate se de con profundidade é o marxe dese informe inicial que ó noso xuizo non entra con profundidade no que a nos preocupan realmente, que se aclare cal é a situación actual do edificio, e que é o que hai que facer de cara ó futuro, entón reiterar aquí a petición dunha reunión, valenos a comisión de urbanismo, o foro que sexa, en calquera caso, hai que dar un debate para saber con que problema nos estamos movendo, pensamos que non se pode simplificar a situación actual a luz de que como xa non temos plan de urbanismo aquí se pode facer de todo, que evidentemente non é así.

Toma a palabra o Portavoz do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Bos días, eu quero facer algunas consideracións sobre este tema, non tivemos nin ocasión, e agora con esta Sentencia aclaralo, como foi o proceso, dicir que o Sr. Secretario fai un informe pero non entra no motivo nin fala porque del tema do Estudio de Detalle, e entonces o vou a aclarar eu, na parcela esa, e así lle queda claro o Portavoz do BNG tamén, e hai que diferenciar o que é a licencia otorgada, das obras que se poideron facer a maiores, ou as ilegalidades que poida haber na obra, en base a licencia dada, dicir que esa parcela non necesitaba de Estudio de Detalle para dar a licencia, porque esa parcela e así o día o artigo 109 da Lei do Solo de Galicia, tiña as alineacións, os rasantes e as alturas reflexadas no Plan Xeral, entonces eso é de licencia directa e non facía falla Estudio de Detalle, o debate se trouxo porque se meteu no Pleno, porque eu comonon iba as Comisións Informativas, a promotora meteu o estudio de detalle no Concello, e o Sr. Secretario fixo un informe de que lle faltaban ou tiña algunas deficiencias o Estudio de Detalle, e se levou a pleno a debatir, pero o informe do Aparellador e o informe do Equipo redactor do Plan Xeral, nos informes que fixeron sobre eso xa manifestaron que non facia falla o Estudio de Detalle, a maiores fixo un informe o Sr. Secretario. Pero vou a deixar claro o Sr. Portavoz do BNG que é o artigo 109.2 da Lei do Solo de Galicia que di que "en solo urbano non consolidado será suficiente a aprobación do Planeamento Xeral si este contivese a súa ordenación detallada (que é o caso desta parcela) no seu defecto precisarase a aprobación do correspondente Plan Especial de acordo co que se establezca no Planeamento Xeral". Eu quero deixar claro esto, como non se fixo constar por parte do Sr. Secretario no informe, que esa parcela é de Licencia directa e non fai falla estudio de detalle, si a licencia otorgada se axusta ó Plan Xeral e esta adaptada a Lei, esa licencia é legal e non hai ningún problema. Agora o segundo que esa urbanización teña obra de más ou non se axuste á licencia outorgada no seu día, esa é unha información que non temos, eso foi feito polo Alcalde, por resolucións e os grupos políticos non temos información da situación creada entorno á licencia que se deu, pero quero deixar claro que a licencia cumple coa normativa e o Estudio de detalle non facía falta para esa parcela, e xa expliquei porque houbo ese debate no Pleno que non era necesario, pero como se meteu sen consultar pois nos o levamos a debate non pleno, pero



quiero deixar claro que non facía falla, e así o amparan o Técnico Municipal o Redactor do Pln Xeral, que constan os dous informes no Concello.

O Sr. Luis Cendán Fernandez, manifesta que aquí se alude en que situación vai a quedar o proxecto, terá que quedar na situación que quede o proxecto que se presentou no Concello polo cal se lle deu a licencia definitiva, e despois hai outro cousa, que haber si nos centramos no tema, é que normalmente todas as edificacións nunca van ó 100 por 100 do proxecto, pero aquí a maiores coincide que se anula o Plan Xeral e esas demásias, non son legalizables pola situación na que quedou o Plan, os excesos que se fixeron na obra en cuanto os vuelos, se houbera o Plan Xeral e estivera en vigor, eso era legalizable a todos os efectos, as cousas hai que telas claras, despois veñen os fallos xudiciais e din o que din e ainda encima queremos extrapolar as cousas como son, eu simplemente digo que eso ten un proxecto que se presentou se lle deu licencia ó proxecto e se non se cumpre o proxecto que se faga cumplir, e quitar as cousas de tiesto, creo que con convén a ninguen por facer política dun tema sobre todo cando hai uns perxuzos tan importantes como son esos, seamos claros e sensatos á hora de facer algún tipo de valoracións porque podemos danar a moita xente, porque sabemos a consecuencias desas denuncias, persoas que están denunciando constantemente, se meten na obra, esas comprobacions non se fan porque un veciño fai a denuncia ou si a medición vai tal cual ó proxecto, ese tipo de comprobacions e cando van os técnicos alí, fan as súas comprobacions e non por mediación denuncia como é o caso este cada duas por tres, se facemos un balance de todas as denuncias que se fixeron da obra, onde se din de medidas incluso, hai se demostra que se ten que ir a comprobar esa serie de cousas, cando se fala de medidas, polo tanto as cousas son como son o Alcalde é o responsable desto e a Comisión de Goberno que fagan seguimento á obra e que se faga cumplir a normativa vixente.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 3.- EXECUCIÓN SENTENZA T.S.X.G. DE 14-01-09 “XUSTO PREZO PASEO MARÍTIMO”.

Dada consta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14 de xaneiro de 2009, “Xusto Prezo Paseo Marítimo”, na que se emite o seguinte FALLO:

FALLAMOS: Que estimando en parte el recurso contencioso administrativo presentado por JOSEFA PRIETO VAZQUEZ contra el Acuerdo del 06-02-06 resolutorio de justiprecio de finca 1 expropiada por el Ayuntamiento de Ares para la obra recuperación del borde litoral de Ares; t.m.Ares; expediente 881/2005, dictado por JURADO PROVINCIAL DE EXPROPIACIÓN DE A CORUÑA, debemos revocar el mismo a los efectos de conceder a la recurrente como justiprecio de la finca expropiada en este procedimiento la cantidad total, por todos los conceptos, de 134.302,90 euros, cantidad que se incrementará con los intereses legales que se



hayan ocasionado por demora en la tramitación y pago del justiprecio, todo ello sin especial mención en cuanto al pago de sus costas procesales.

Visto o informe do Sr. Secretario de data 22 de xuño de 2009 do seguinte teor literal:

"INFORME DE SECRETARÍA"

ASUNTO : Sentenza 00009/2009 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14-01-09 recaída no recurso contencioso-administrativo "Recurso Procedimento Ordinario 0008050/2006" Xusto-prezo expropiación Paseo Marítimo.

A realización do ordenado pola Sentenza é unha esixencia da tutela xudicial, e, polo tanto, un dereito fundamental consagrado no artigo 24 da Constitución.

O Concello de Ares, como entidade local e por conseguinte como Administración pública que foi parte no proceso ven obrigada a cumplir o mandado no fallo da Sentenza que puxo fin ao mesmo. O Concello como autora do acto, foi parte demandada, e ven obrigada como tal parte procesal a cumplir os pronunciamentos do fallo, e a levar a sentenza -segundo expresión do artigo 104 da Lei 29/1998 Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa- "**a puro e debido efecto**".

As sentenzas, declarou unha reiterada doutrina xurisprudencial, entrañan un ordenamento imperativo e transcendente de irrefragábel realización (Sentenzas de 27 de xaneiro de 1915 e 8 de xaneiro de 1935). Pois o respecto debido ás resolucións xudiciais no Estado de Dereito "impón como única fórmula admisible a de acatar cumprindo" (Sentencia de 21 de maio de 1960).

A firmeza constitúe un presuposto da comunicación ao órgano competente para a levar a afeito. A Administración pública deberá levar a puro e debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento das declaracíons contidas no fallo. O fallo da sentenza, pois, é o que delimita o ámbito e contido da actividade de execución, e a tal afeito o órgano competente, deberá proceder á ejecución adoptando cantas medidas e providencias se requiran, establecendo o artigo 104 da Lei 29/1998, de 13 de xullo que o órgano a quen corresponda acusará recibo da sentenza no prazo de dez días e deberá levar a puro e debido efecto o fallo no prazo de dous meses o fixado na sentenza para o cumprimento conforme ao artigo 71.1c) da citada Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Na súa virtude, non habendo sido admitido a trámite o recurso de casación contra a Sentenza de 09-11-06 do T.S.X.G. pola que se estima en parte o recurso Contencioso-Administrativo presentado por Dn^a. Josefa Prieto Vázquez contra acordo do 6-02-06 resolutorio do xusto-prezo da finca núm. 1 expropriada polo Concello de Ares para a obra recuperación do borde litoral de Ares, revocando o acordo do Xurado Provincial de Expropiación de A Coruña, concedendo á recurrente como xusto-prezo da finca expropriada



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

neste procedimento a cantidad total, por tódolos conceptos, de 134.302,90 euros, cantidad que incrementaráse cos intereses legais ocasionados por demora na tramitación e pago do xusto-prezo, e perante o prazo de que se dispón para executa-la sentenza e a demora que significa un expediente de modificación de créditos, procede autorizar o abono con cargo ó préstamo formalizado para adquisición de terreos EDAR (Préstamo BCL nº. 95/45866867 destinado á financiación expropiacións terreos EDAR, ingresado 29-12-08 e incorporado mediante expte. Modificación de créditos nº. 01/2009, con cargo ó remanente de tesourería destinado a gastos con financiación afectada, partida presupostaría de gastos 433.601.01), e conseguintemente o cambio de finalidade da parte destinado á ejecución e abono da presente Sentenza, deducindo o depósito previo efectuado na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Economía y Hacienda baixo o número de rexistro 003310 por importe de 84.675 ptas. hoxe en día 508,91 €..

Ares, a 22 de xuño de 2009.

O Secretario,

Asdo. Manuel Larrosa Rodríguez."

O Sr. Alcalde manifesta que tratase executar unha Sentencia dictada en virtude de recurso contencioso-administrativo que determina unha elevación do xustiprezo inicial, e en consecuencia o abono do mesmo por parte do Concello.

O Sr. Secretario manifesta que o fallo é levar a puro e debido efecto a Sentencia, non hai partida específica, hai dous meses para facelo, non hai partida específica e se trata de autorizar o cambio de parte da partida dos terreos da EDAR.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que cando se había empezado co tema das expropiacións, falou co anterior Alcalde o Sr. Vilasánchez e ofertaramoslle 8 millóns de pesetas, despois veu o xustiprezo e baixaronlle o valor, a familia recurreu, saleu a Sentencia e hai que acatala, nos defendimos os intereses municipais.

Acto seguinte sometese a votación a autorización do abono con cargo ó préstamo da EDAR, e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidad eco previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986 do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resoluciónns adoptadas pola mesma desde a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de conformidad eco previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 5.- MOCIÓNNS E PROPOSTAS.-

A) MOCION DO BNG “SECTOR AGRARIO GALEGO”.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE ARES **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector agrario galego segué a ser un eixe de vital importancia na economía galega. Unha das características senlleiras é a súa marcada especialización gandeira, xa que as producións gandeiras achegan o 62 % do valor da producción da rama agraria, e dentro délas, sen lugar a dúbidas, é a producción láctea a que ten un maior peso, ao representar arredor dun 28% do conxunto da producción agraria galega.

Así mesmo, tamén é moi relevante a súa contribución fundamental desde o punto de vista territorial, onde destaca a superficie de prados naturais, de pasteiros e de monte onde se practica o pastoreo, que constitúen o eixe da paisaxe agraria da maior parte do territorio.

A actividade económica dunha parte importante do territorio galego pivota arredor da producción agraria e, o sector agrario e as actividades económicas vinculadas a el son a principal fonte de emprego.

A evolución da producción láctea en Galiza ao longo das campañas que van desde 2005 a 2008, demostra a vocación de permanencia das explotacións lácteas galegas, pasando a significar o leite das explotacións galegas o 38 % das entregas á industria do Estado español, fronte ao 35 % que significaba a comezos de 2006. As explotacións lácteas galegas son, neste intre e sen dúbida algunha, o principal referente da producción láctea no Estado Español, non so polo seu peso, senón tamén pola dinámica de crecemento da producción en Caliza nun contexto como o que caracteriza ao sector no resto do Estado de estancamiento ou redución das entregas de leite.

Malia a favorábel tendencia amosada nestes últimos tres anos no sector lácteo galego, a recente modificación da regulación comunitaria do sector lácteo, co horizonte da liberalización da producción de leite en 2015 precedido dun incremento lineal de cota a todos os Estados produtores da Unión Europea, incluidos os excedentarios, vén de sementar incerteza no sector, así como un drástico recorte de prezos percibidos polos



gandeiros e gandeiras, pondo ao límite a supervivencia da moitas explotacións leiteiras de moitos concellos galegos.

Perante esta situación, compre unha posición institucional inequívoca de apoio ao sector, urxindo que as Administracíons competentes adopten as medidas necesarias para garantir a estabilidade e o futuro do sector lácteo galego, e con iso asegurar un medio rural vivo na Galiza.

Por isto solicitamos do Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa únicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis.

2.- Instar ao Goberno español a proponer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

3.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a coordinar as actuacións necesarias para:

a) Garantir a recollida de todo o elite producido na Galiza.

b) Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe actualmente por debaixo do prezo de custo en tanto non se recuperen os prezos de mercado.

c) Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galiza, e en concreto, da planta de Pascual na Provincia de Lugo.

4.- Comunicar este Acordo Plenario ao presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.”

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que non vai a entrar na parte dispositiva porque cree que os catro puntos que se propoñen son bastante claros, si que queremos explicitar porque nos como grupo político decidimos traer esto a Pleno, creo que hai dous meses e pico, debatimos aquí que nunha situación de crise como a que estamos padecendo, a importancia de defender os nosos sectores productivos básicos, pois é



fundamental, que si algo temos que aprender desta situación é que ou os países contan con sectores primarios, con sectores productivos que sexan competitivos ou realmente as economías pola vía de promover sistemas similares os que viñeron funcionando que controlan as grandes bancas, parece que non deron resultados excesivamente bons, por non calificalos de radicalmente moi malos. Eu creo que evidente, ainda que o noso Concello non é un Concello agrícola e que no sector do leite, aquí teña unha importancia pequena desde o punto de vista porcentual, non é menos certo que formamos parte dunha comunidade, a Comunidade Galega que si ten no sector leiteiro pois un dos sectores importantes, e un dos sectores que deu no seu momento unha importante lección, porque pasou cando eran as peores circunstancias e se dicia que as explotacións gandeiras non estaban actualizadas, eu creo que o sector gandeiro pasou por unha fase renovación, que procedeu nunha porcentaxe moi importante, do esforzo dos propietarios das explotacións agrarias, polo tanto foi un esforzo de carácter personalizado que levou a que o sector se situará como un sector punteiro, incluso desde o punto de vista técnico, xustamente cando despois de que se produce esta necesaria e demandada reconversión do sector, ben primeiro o tema das cuotas do leite, e agora unha situación na que estamos vendo como nunha Unión Europea na que se dice que non hai fronteiras, danse cousas tan chamativas como a que hai algunhs estados que seguen subvencionando a produción deste sector, e quen competitividade clara coa propia produción que temos en Galicia, estoume referindo como todo o mundo sabe o "dumping" das empresas francesas que naturalmente está amparado en diñeiro público que fai que os propios excedentes que teñen os poñan en funcionamento por baixo dos prezos de produción en outros países da Unión Europea. Nese sentido nos pensamos que as Corporacións Municipais, neste caso a nosa, teñen naturalmente o grao de preocupación, que teñen e ainda que non estén moi afectados como poden ser outros Concellos da Comarca como poden ser A Capela ou Monfero, non deixamos de ver, que este sector é fundamental tamén na cadea de produción. Así como nos aspiramos a ter a solidariedade da xente da Capela ou Monfero para que ASTANO volva a construir barcos, para nos tamén é fundamental , que mostremos a preocupación, xa como cidadáns, e en nome dun sector efectivamente do que temos que presumir pero que neste momento ten grandes problemas para ponerse no mercado a nivel competitivo. Neste sentido as tres ideas fundamentais, o que lle pedimos aquí o Concello e que se manifeste en concreto, creo que é unha petición unánime tanto do sector, como das empresas productoras, como dos particulares que teñen as explotacións gandeiras, que é efectivamente o actual sistema de cuotas na Unión Europea ten que modificarse, non pode ser que o sistema de cuotas a modifiquen que se faga sexa unha aprobación lineal para todos os países, senón que nos pensamos que ten que terse en conta precisamente cal é o nivel de produción, nese sentido que sexa unha política descriminatoria, en positivo, naturalmente para que aquelas países que naturalmente temos maior produción, ese é o baremo que hai que ter, non se pode coller unha medida lineal e dicir que vamos a subir o 10% a todos os países en función do que teñen, hai que analizar a produción de cada un deles, é evidente que no caso galego as explotacións necesitan máis couta, o goberno Español debería de negociar coa Unión Europea, e hai a Unión



Europea debería ser clara en facer unha política redistributiva a favor de comunidades como a Galega neste caso. Despois a petición que se fai, é unha petición de regulación do mercado, refirese o que dixen eu antes, é evidente que, e incluso está assumido polas autoridades do estado, que ese problema que dixen antes do "dumping" que se está practicando polos produtores pero coa conivencia do estado francés, na posta no mercado de moítimos millóns de litros que venden por baixo do prezo de produción e naturalmente o que fan e afundir o noso sector porque há naturalmente non pode ser competitivo. E en terceiro lugar nos pensamos que o Pleno debería de instar e así se pide en tres puntos, ó gobernó do Estado, da Xunta de Galicia, para que se coordinen actuacións, aquí ten que haber unha política de colaboración non de colisión, pero clara na defensa do sector, para que se garanta a recollida de todo leite producido en Galicia, para establecer axudas directas que compensen o baixo prezo do leite en orixe, e aquí non valen dicir que non pode haber axudas, porque o final estamos vendo que todos os países europeos teñen axudas, e en todo caso apelamos a algo tan claro como que si os fabricantes de coches poden apelar que para non ter que pechar teñen que recibir subvencións por parte dos gobernos, os produtores de leite poidan tamen ter as axudas que correspondan, e despois unha ultima reivindicacion concreta é que se garanta a continuidade de todas as industrias que existen en Galicia, e cunha referencia clara a e concreta á continuidade de PASCUAL na provincia de Lugo, despois a último acordó de comunicar o resultado da Moción o Presidente do Goberno Español, do Goberno Galego, e os membros dos Grupos Parlamentarios tanto no Parlamento Galego como no Congreso dos Deputados, ese e fundamentalmente o contido da Moción, para a que reclamamos aquí o apoio do resto dos Grupos, motas grazas.

Interven o Portavoz do Grupo Municipal de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que van a votar a favor, que están de acordo totalmente coa Moción, tanto na exposición de motivos, como cos puntos a acordar, simplemente dicir un dato que o dixo o portavoz proponente da Moción, que resume da situación real que ten este sector, tanto o da produción e gandeiros, porque se esta a vender leite, por debaixo do coste real, hai o que está claro que algo hai que negociar, hai que solventar, senón por outra parte que nos estamos cargando ó sector lácteo galego é evidente, as autoridades teñen que facer todo o esforzó posible tratar de buscar unha solución e que teña esto unha saída digna a toda esta problemática que se está dando co motivo de esta entrando leite francesa doutros orixenes más barata que o coste real, polo tanto eu creo que esto hai que amáñalo, polo tanto o noso voto vai a ser favorable.

Acto seguinte intervén o Portavoz do Partido Popular, D. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que están tanto na exposición como os puntos están de acordó, pero teñen aquí algúns cousas que podían enriquecer, que prácticamente coincidimos, pero ben más especificado, e sería:



Impulsar os organismos adecuados das Administracións competentes, en materia de, en el apoio firme de contratos homologados para o sector, que den a estabilidade necesaria.

En segundo, impulsar medidas que aporten liquidez ó sector, no momento en que está porque están perdendo diñeiro, por parte das entidades bancarias non hai créditos, están nunha situación un pouco lamentable, e desde as Administracións tanto da Xunta como da Central e da Unión Europea darrle como se dixo aquí no tema dos coches, darrle unha liquidez momentánea.

E en terceiro lugar que se levan a cabo os controles necesarios en todos os eslavons do sector, onde se trate de evitar prácticas fraudulentas, que poidan fazer desequilibrar o sector, por parte das Administracións se fagan os controles necesarios, para evitar a entrada de leite fraudulenta, que esta a entrar en España, que entra de Francia hacia o Levante que é un dos consumidores más importantes, que nos somos produtores, e que por parte das Administracións se fagan estos controles necesarios en evitación da entrada de leite fraudulenta no país.

O Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestan que eles non están en contra en que se incorporen estes tres cuestión, que e en concreto no tema dos contratos homologados que é unha medida que se incentivou inicialmente por parte do anterior gobernó da Xunta, e nos somos favorables a que exista esa mecánica e incluso a que se reforce. En segundo lugar áinda que xa vai na moción o tema das medidas, ainda que xa vai na moción as medidas económicas que garanten a capacidade económica das producións, e tampouco nada que obxetar o seguimento e fiscalización, en todo caso podemos discrepar do que acaba de dicir o portavoz do Partido Popular, o “dumping” que esta habendo está consentido por certo tipo de gobernos, nos non lle vamos a declarar a guerra a Francia, pero é evidente a día de hoxe que hai un consentimento por parte dos sectores, o igual que noutrios Sectores a Unión Europea decide que non pode haber axudas por parte dos gobernos, e estes inventan calquer tipo de medidas para facelo. Que se incorporación esas tres cuestión: defensa dos contratos homologados, garantir a capacidade económica das explotacións, e política de fiscalización que evite estas siutacións que se están dando, que se incorpore como un punto máis e non hai ningún tipo de problema, a nos parecenos ben.

Sometida a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte o Sr. Alcalde-Presidente, pola vía de Urxencia, somete a aprobación a inclusión na Orde do seguinte asunto “INCLUSIÓN DA BIBLIOTECA DE ARES NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA”, este asunto veuse na Comisión de Cultura de 23 de marzo de 2009 e esixe o refrendo Plenario.



Sometida a votación a urxencia, o Concello Pleno por unanimidade acorda ratificala mesma.

Acto seguinte o Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que tal e como se veu na Comisión de Cultura, era inclusión da Biblioteca Municipal de Ares na Rede de Bibliotecas de Galicia, e nos faltaba o acordo Plenario, os grupos municipais manifestaron a súa conformidade na Comisión.

Acto seguinte sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, e pregunta, que según parece, non sabe exactamente en que pleno fixo a pregunta, se se sabía algo da modificación do trazado da EDAR, o Alcalde me respostou que algo había, pero que non había nada definitivo, según os datos que eu teño, parece ser que xa existe un anteproxecto, o un proxecto, coa variación do trazado, quero que me explique o Sr. Alcalde se esto é así, se se vai a dar conta, a través de Comisión ou como se vai a facer esto, e despois todos os efectos, e consecuencias, que despois podería traer o que é o trazado da modificación, dado que se aprobaron o proxecto de expropiacións, e podería afectar incluso á aprobación que nos demos no seu día, por eso pido que o Sr. Alcalde me aclare este extremo.

A segunda pregunta, e que según se desprende das actas da Comisión de Goberno, a adxudicación á empresa para a Redacción da Modificación das Normas Subsidiarias, dicir se fixo a proposta, se hai o traballo, e se se pensa levar ó mesmo tempo a Comisión Informativa, por si pode ampliar ese proxecto, e se vai a discutir a través da Comisión informativa.

En canto o tema do Plan Xeral dicir que nestas datas, ou próximamente vai a facer un ano que deste tema non falamos, non se convoca a Comisión do seguimento do Plan Xeral, preguntarlle en que situación se encontra, e se se fixo algo ó respecto algún tipo de negociación con este asunto.

Resposta o Sr. Alcalde, que en canto á EDAR, a empresa adxudicataria do concurso ten un anteproxecto, ese anteproxecto esta en poder xa do Concello para tramitar nun Pleno extraordinario, pero ten que pasar primeiramente pola Comisión correspondente, se fixeron unhas variantes, o grosso do cambio é que xa non vai pola fachada marítima, vai pola entrada de Ares, se mete hacia o Mazote, e do Mazote sobre pola estrada de Chanteiro, ese é o cambio sustancial, a propia empresa nos pideu que ía facer un estudio e de feito estiveron os



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

topógrafos ata hai pouco tempo, e nos non o levamos nin a Comisión nin a Pleno ata saber se ese proxecto era o definitivo, seguramente no mes que ven en xullo, haberá un Pleno extraordinario coa modificación do trazado da EDAR, novo trazado que foi comunicado ó novo Goberno, parece que o novo Conselleiro xa se reuneu con COPASA e lle deu o "OK" o novo trazado, entón nos vamos a levalo a Pleno, para nos foi importante e dalgunha maneira un xesto, se necesitaba un xesto do novo goberno que erá darrle o "OK" o novo trazado, cando hai un cambio de goberno, sempre estas un pouco intranquilo para ver o que pensa o novo goberno. E sabedes que hoxe no Consello de Goberno da Xunta de Galicia se vai aprobar definitivamente o Saneamento e abastecemento de Chanteiro, que como sabedes foi unha das contrapartidas que desde o Concello de Ares, lle puxemos a EDAR. Entón entre que se fai un novo trazado da EDAR, entre que entra un novo goberno que lle ten que dar o visto bo, entre que nos tamén queremos tranquilidade, porque queremos o saneamento e abastecemento de Chanteiro, se están cumplindo todos os requisitos para traela xa a Pleno.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que o fío de falar das expropiacións de Chanteiro, preguntar se variou o tema das expropiacións de Saneamento que están feitas.

Resposta o Sr. Alcalde que non, o proxecto de Chanteiro se aproba polo Consello de Goberno da Xunta como saleu de aquí.

O Sr. Luis Cendán, manifesta que últimamente esta vendo moito por aquí a unha persoa, que deu moitos problemas á hora da expropiación, e hai que ten coidado en cumplir os prazos.

Resposta o Sr. Alcalde que en principio está todo ben e para que hoxe fora ó Consello da Xunta, pedirón unha última documentación que xa foi tramitada, e a persoa a que ti fas alusión está intentando venderlle ó Concello a parte de diante, sabes que se lle comprou á filla de Ramón un terreo.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que ahí tamén se mercou un terreo, que se ando con coidado non se vaia a volvar a comprar o mesmo terreo.

O Sr. Alcalde, di que ese señor ven cunha oferta dos terreos, e nos a través dos aparelladores estamos a comprobar os terreos, e as escrituras, para ver se efectivamente lles damos o visto bueno, tamén é certo que un Aparellador xa dixo que tiveramos ollo que ahí xa hai algo que é noso. A compra do terreo sempre leva seu tempo. Hai un proxecto de actuación integral na fachada marítima de Chanteiro, que ascende a 3 millóns de euros, que ten que aprobar o Ministerio de Medio Ambiente en Madrid. Nos comprometimonos co Ministerio que o proxecto o encargábamos nos, e o proxecto o está redactando PROYFE, os accesos e o novo vial da fachada Marítima de Chanterio, pasa polos terreos eses, polo que temos que saber se son noso ou son del, posto que se si son del ou os vende ou os expropiamos, pero o estamos mirando de cara ó proxecto.



O Sr. Manuel Cendán, manifesta que eses terreos xa os temos expropriados.

O Sr. Luis Cendán, manifesta que teñan ollo, que ese Señor nos trataba de vender uns terreos que non eran del, despois veu a propietaria e se lle mercou o terreo, o que pasa pola muralla del onde se lle expropriou.

O Sr. Alcalde, manifesta que o que estamos a intentar hai é adquirir todos os terreos para poder executar o proxecto de Costas.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que eso xa esta expropriado e catro menos para dentro do muro.

O Sr. Alcalde, di que parece ser que hai outro trozo que parece que é del, e é o que estamos a mirar.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que ollo con esto, que teño que dicir que grazas a este Señor o Saneamento de Chanteiro non está feito, veña a base de Notarios e de abogados aquí, e nos retrasou eso dous anos, se lle expropriou do muro hacia dentro 4 metros.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que do muro para fora xa se lle comprou a unha señora, eu falo de memoria, hai que miralo ben, decía el que era del e veu a señora coas escrituras e vendeu. Está persoa tivo lios con todos os veciños por esta parcela, porque se quixo facer coa propiedade de todos eles.

O Sr. Alcalde, resposta en relación coa modificación das Normas Subsidiarias, coa empresa OFICINA DE PLANEAMENTO contratamos duas accións, á primeira o Estudio de Detalle de todas as Normas Subsidiarias, sabedes que as Normas Subsidiarias cando regulan o casco urbano someten todo o desarrollo do mesmo a aprobación de Estudios de Detalle. Está redactando todos os estudios de detalle, aínda non rematou, e efectivamente é o traballo más complexo, pero á vez están facendo unha serie de modificacións puntuais, parte delas xa as coñecemos, pero ten que vir a empresa e dictaminar cada unha delas, algunha das que nos propoñemos parace que son sencillas, pero outras temos contactos telefónicos coa empresa e parece ser que non son tan viables. Que hai das modificacións puntuais, pois a parcela do Colexio para que se poida construir o aula infantil, o tema do Mazote para regularizar as situacións que ali hai, os Castros que hai uns parcelas que quedaron en zona rústica e foi obxecto dunha actuación urbanizadora e ten todos os servicios para ser urbano, a Praia de Estacas para ir ali unha zona de aparcamento, o camping vello de Seselle para ir tamén unha zona de aparcamento e servicios, todo Redes como sabedes se vai a facer a actuación de Costas, vamos a sacar o clube Marítimo de encima da "atalaya", queremos ter unha zona de espacimento maior. Cando a OFICINA DE PLANEAMENTO teña as fichas, convocaremos unha Comisión de Urbanismo e poñelas enriba da mesa, ainda que algunas de las plantexan un



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

paso de rústico a urbano que está prohibido pola lei, en todo caso sería de rústico a urbanizable e despois desenrolar o urbanizable, a OFICINA DE PLANEAMENTO nos está dicindo as vías desas oito ou nove modificacións puntuais, eu creo que en próximas datas levaremos a Comisión de Urbanismo as fichas para ver se as tramitamos e o Estudio de Detalle que esixen as normas subsidiarias. E despois co Plan de Ordenación Municipal CEINSA, xa nos entregou os novos Planos, que non é o Planeamento o Planeamento é o que nos aprobemos, é a superposición do que había con efectivamente o que pode haber, en consecuencia con esa supervisión vemos as zonas que se manteñen e as zonas que poderían ser problemáticas ante a Dirección Xeral de Urbanismo, entonces os nucleos rurais que foi o primeiro acordó que nos tomamos empezar polos nucleos rurais, en consecuencia convocaremos unha Comisión de Portavoces para ver o planeamento dos núcleos rurais, agora están a traballar cos nucleos urbanos. Os nucleos rurais iremos avanzando cada quince días na Comisión de Urbanismo.

Acto seguinte a Sra. Abeal Perez, manifesta: que vendo a mobilización cidadana sobre o servicio de Pediatría, rogaríamos que desde o Concello se faga a petición o SERGAS, que vendo o ratio de nenos menores de 14 anos que están neste servicio, se pida primeiro que se normalice, facendo as sustitucións cando sexan necesarias, xa que moitos días non hai pediatra aquí en Ares, e a maiores pedir que se revise a necesidade de aumentar o horario, decir que so hai tres horas o día e o número de nenos e enorme, e estos nenos o usan moiisimo, non é o mesmo que unha persoa de 30 anos, o Concello debería pedir o SERGAS que revise este servicio.

Resposta o Sr. Alcalde que o pedimos fai un ano, o reiteramos cada certo tempo, o anterior xerente da area hospitalaria é consciente desa necesidade, o falou tanto o Alcalde de Mugardos como o Alcalde de Ares, o compromiso é que novo Centro de Saúde, a petición a tiña o anterior xerente, están co plan sectorial do que é toda a Comarca e agora cambiaron, e certo que é unha situación que todos coñecemos ainda encima se comparte con Mugardos, Ares e Mugardos conxuntamente teñen unha poboación importante, e esta enriba da mesa o Plan Sectorial no que o novo Centro de Saúde de Ares ven con ese servicio, pero agora teremos que trasladalo á nova Xerencia. O falerei co Alcalde de Mugardos e nese sentido a ver si vamos os dous xuntos.

Interven o SR. Rodríguez Doval, manifestando que a primeira cuestión tiña que ver coas obras da estación Depuradora, a nosa preocupación ten que ver que estamos diante dunha situación un pouco anómala, estamos diante dun proxecto aprobado, dotado presupuestariamente e contratado que aínda non sabemos como vai a ser, esto introduce moitas dúbidas, primeiro os que formamos parte da Corporación e tamén dúbidas á ciudadanía, ainda que o proxecto vaia a sufrir modificacións ó impacto que tiña en determinadas zonas, xa



non vai a ser tal, e é evidente que desde o punto de vista procedimental temos que saber como queda o proxecto definitivamente, porque incluso pode se dar que aínda que vaia preferentemente por vías públicas, en algunas zonas teña que afectar a propiedades particulares, e que non teñamos metidos esas propiedades particulares no expediente de expropiación que se fixo. En todo caso a obra acumula un retraso importante, posto que estamos xa na metade do ano 2009, e ainda non sabemos cando se van a comenzar as obras, en calquera caso por seguridade do Concello, por coñecimento do proxecto, urxe que a Empresa nos presente ese proxecto, e que se aclare, eu polo menos teño esa dúbida, se con respecto o tema expropiatorio na medida que afecte a outros terreos, non vaimos a ter que facer outro expediente expropiatario. Co tema de Chanteiro tamén temos unha dúbida, posto que hai se fixo un procedemento expropiatorio para o saneamento de Chanteiro, no ano noventa e pico, e eu non sei se esta prescrito ou non, que non sei se afectaba as mesmas zonas ou non, en todo caso habera que aclarar non vaia a selo demo, que teñamos un proxecto aprobado e xurda algún problema de tramitación a respecto do que foi o sistema expropiatorio porque se fixera para unha obra que non era esta exactamente, era a que estaba incluido no POL da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Outra pregunta que quería facer era a respecto dun tema que se comentou no mes de Abril, o tema do Colexio, máis alá de algo que se acaba de dicir, que os hipotéticos terreos para o Colexio terán que ir nunha modificación urbanística , está outro tema que nos preocupa, que é que o curso rematou onte, vai a comenzar dentro de dous meses, e con toda seguridade vamos a arrastrar unha problemática, nos interesaría saber cales son as previsions, que vamos a ter primeiro con respecto á compra dos terreos, aquí falouse no mes de Abril aquí falouse incluso dun proceso de carácter urgente se é que non se chegaba a un acordo co propietario, en segundo lugar eso levará á modificación urbanística, e en terceiro lugar levará o compromiso da Administración Autonómica que é a dúbida que temos nos, se a nova Administración Autonómica vai a asumir que hai que facer unhas obras en función das necesidades que ten a comunidade escolar.

Outra cuestión que tiña, esta xa mais breve, que ten que ver coa presenza do Concello en actos institucionais, xa falamos varias veces deso, de que os grupos tiñamos unha información o máis ampla posible, e desde logo unha información oficial, cando menos aquí no último mes se deron duas, e unha delas a míñ afectoume bastante desde o punto de vista persoal e humano, como foi ese partido de homenaxe que se lle fixo a Pedro García Vilar, eu non sei as razón para que este tipo de actos, nos teñamos que enterar deles, sobre todo cando implican presenza do Concello, porque o Concello somos todos os grupos, e a míñ pareceme que aínda que non fose así en casos concretos como poido ser o da homenaxe a Pedro, en casos concretos como foi a recente bandera de traíñas do Concello, non hai razón para que os



grupos políticos non teñamos unha comunicación, oficial a maiores de que despois vexamos carteis porque os hai, e noutrous casos non os vexamos porque non hai carteis. Entón reitero a necesidade dun certo coidado nestas cousas, e non vaia aparecer agora que algúns non estamos nos actos porque queremos boicotealos tamén, a mí desde o punto de vista persoal porque de todos é coñecida que con este señor me unía unha grande amistade, e tamén polo papel que xogou este señor no mantenimento e no que hoxe é o actual clube Numancia , creo que é de bastante mal gusto de que ali non estiveramos representados os grupos.

E despois unha petición concreta, que era pedir que nas publicacións que fagamos do Concello, ter o maior rigor posible cando denominamos as cousas, eu creo que aparte de facer cousas hai que intentar facelas ben, polo libro e según as normas que están, revisando os dípticos que se me entregaron, revisándoos na miña casa, hai un díptico en español e outro en galego, non ten moito sentido a estas alturas posto que a xente que pode leelo e entendelo perfectamente en galego, pero a maiores deso vin no tríptico en galego figura o día 25 de xullo como "Festa gastronómica da xibia" e no tríptico en Castelan pon para o mesmo día "Fiesta gastronómica de la Jibia" , quería decir que temos que ter excesivo coidado coa denominación das cousas, porque as cousas teñen unha denominación que é a que se lle da incluso desde o punto de vista científico, eu o quería facer é pedir unha corrección porque según este documento que teño aquí na miña presencia, según o Consello Superior de Investigación Científicas, que é un organismo de carácter singular e independiente, as denominacións se son científicas nos idiomas de todo o estado, sería neste caso concreto para o que estamos falar, Español: Choco ou Sepia, Galego: Choco, xiba ou chopas, despois ven en inglés e francés que supoño que non nos interesa moito. Despois cotexeino con outras festas similares que se fan, e a denominación correcta se é en español sería da Sepia, e loxicamente se o que queremos e vender o producto, deberíamos facer como fan nun Concello de Pontevedra que a denominan festa da Xiba, entendendo que é a denominación correcta. Eu non sei quen fiscaliza desde o punto de vista lingüístico algunas cousas, pero tamén ten a súa importancia que as cousas lles chamemos polo seu nome.

O Sr. Alcalde, di que o CSIC non marca pautas en cuestión lingüística, é a Real Academia da Lingua, o vamos a mirar, e non pasa nada.

O Sr. Manuel Cendán, manifesta que o correcto é Sepia, pero hai palabras que predominan e sen dan por válidas como pode ser "water" que en castellano é retrato, ninguen lle chama retrato e é a palabra correcta, quero deixar claro que a palabra Jibia ten razón pero aquí nesta zona e en Galicia se lle chama Jibia.

O SR. Alcalde manifesta que en relación co proxecto da EDAR, as únicas variantes que efectivamente non constan non proxecto de adquieren por compra, se trata dunha parcela que non está no proxecto orixinal, e que a esixe o proxecto para instalar un bombeo, como o



Colector vai costa arriba hacia Chanteiro, pola mitade do proxecto se necesita un terreo para instalar un bombeo, e xa negociamos cun propietario para compralo e de feito as escrituras xa están no notario, entonces teóricamente, según os autores do proxecto é a única variante, e como non está incluído nas expropiacións da EDAR temos que compralo, e se compra co mesmo precio que as expropiacións.

Con referencia o colextio, hai unha modificación puntual, sen esa modificación puntual non temos título para expropriar, despois da modificación puntual, abrimos un expediente de modificación pero o tramitamos pola vía da ocupación directa, os propietarios deste terreo non queren nin falar.

O tema do Numancia, decir que o Numancia e unha Sociedade que organiza os seus trofeos, entonces o Numancia decide organizar unha copa ou un trofeo que lle poñen o nome de Memorial “Pedro García”, de feito era unha cousa xa viñan facendo, pero este ano lle poñen o nome de “Memorial Pedro García” e a mí me invitan a entregar os trofeos, e eu vou a entregar os trofeos, e me din que a nai de Pedro vai a estar ali, entonces ademáis de entregar os trofeos, o Concello lle compra a nai un ramo de flores. Nosoutros nin organizamos o campeonato nin lle puxemos o nome, ese campeonato xa existía, a mí o ano pasado xa me invitaron a entregar os trofeos dese campeonato. O verdadeiro homenaxe que organiza o Concello e no que estaremos todos e no do nome da Rúa, falamos que a subida o Campo do Numancia se lle vai a poñer o nome de Pedro, entonces cando decidimos poñer a placa ese será a homenaxe do Concello, eso o fai o Concello, porque quen pon o nome as Rúas e o Concello, hai faremos un acto Institucional e iremos todos. En consecuencia o mesmo sucede coa bandeira de traíñas, organiza o Clube de Remo, a Patrocina o Concello de Ares, o clube de Remo para poder organizar esta bandeira de traíñas, ten que pagarle á Federación 6000 euros, e non os ten e os ben a pedir ó Concello, e o Concello lle da 6000 euros para organice a Regata en Ares, é unha regata Oficial da liga oficial de traíñas que se disputa en diferentes sedes e se disputa en Ares, porque o Clube de Remo de Ares paga á Federación 6000 euros, é a Bandeira de Traíñas, leva o nome de Concello de Ares, porque é o Concello quen paga, como paga as do Clube Náutico ou a de embarcacións tradicionais de Redes, e logo eles invitan a quen consideran oportuno, a mí me invitan a entregar os trofeos.

Con respecto o da Xiba, o termínio “xibia” non aparece por ningún sitio, (choco, chopo ou xiba), entonces teremos que poñerlle “Festa da Xiba”.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, e di que en principio tiña as mismas preguntas sobre o campo de Futbol e a Regata, decir que xa lle respostasches o Sr. Rodríguez Doval, e dicir que con respecto a homenaxe a Pedro a mí non se me deu a mesma



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

información por parte dun Directivo do Numancia, a min se me dixo que nos iban a pasar a invitación a través do Concello, esa foi a información que se me trasladou a míñ nun bar un Directivo do Numancia. Coa Regata de Traiñas tampouco coincido, e todo esto ben que era a segunda pregunta que tiña eu, ven porque non convocas as Comisións, levas non sei canto tempo sen convocar a Comisión de Deportes e de Facenda, non sei cantes meses, e o tema da Comisión de Persoal, co que está pasando agora, co que pasou o outro día, que nos dices conta na Comisión de Portavoces coa denuncia do Convenio e todo eso, unha Comisión tan importante co que esta caendo leva meses e meses sen convocarse.


O Sr. Alcalde, resposta que a Comisión de Persoal é a de Obras e Servicios.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que a Bandeira de Traiñas xa se celebrou sendo Alcalde él, e lle extraña que o que fai as notificacións sexa Mayobre, e sabe como funciona esto, se pasa unha nota de que tal día vai haber regata e de que quedamos convocados, este tema Mayobre o coñece ben e sabe como hai que facer as notificacións, se invita o Alcalde e toda a Corporación para estes eventos, se o Concello non colabora a regata non se celebra.

Con referencia o tema das praias, a xente se queixa polas duchas que están pechadas, e están sucias, os rapaces están xa de vacacións e temos que priorizar o tema das praias, debemos de dar boa imaxe co tema das praias, despois de haber sucedido o que sucedeu co tema do peche da Praia, esos días que viñeron bos a xente non acudiu a Praia polo tema da auga que non estaba ben, debemos dar unha imaxe que somos un Concello Turístico.

Resposta o Sr. Alcalde, que do Numancia e do Clube de Remo, nosotros non organizamos esos eventos, o digo por activa e por pasiva, a Regata do Clube de Remo é unha Regata da Federación, e o torneo do Numancia era o sempre e lle puxeron o nome de Memoria Pedro García Vilar, e a míñ me parece moi ven, a míñ me invitan e vou, son actos que organizan esas entidades, e agora lles vou a trasmitir que tamen vos invitén a vosoutros, hai vou como invitado, non se lles da 6000 euros para me invitén, lles dan 6000 euros para que organicen o acto, a míñ no me gusta o futbol e o remo imaxinate, vou porque me invitan e por deferencia as Entidades, participas do acto porque eres o Alcalde e te invitan, non obstante lles trasladarei que invitén a toda a Corporación.

O das praias para nos a tempada comenza cando temos o persoal, acaba de notificarnos a Deputación duas cuadrillas, e acaban de notificarnos no Plan de Cooperación 4 persoas, as temos que contratar, mentres non temos persoal para a limpeza de praias, hai 5 ou 6 persoas para todo o Concello e non dan abasto, non podo sacar a xente de limpar o Concello para limpar as praias. E o da auga nas duchas temos que reflexionar sobre esto, e decidir se



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

temos que seguir pagando as toneladas de auga de duchas e de xogar, porque non so a xente de ducha, hai que están xogando dandolle a ducha, e eso nos o pagamos como un usuario normal a EMAFESA, eso xenera un desfase impresionante, igual tiñamos que barallar a posibilidade de meter os aparatos nas duchas para que funcionen con 20 céntimos, para un uso máis racional da auga. En resumo o uso das duchas do un de xullo o 15 de setembro, e o da limpeza das praias desde que temos as cuadrillas ata que deixamos de telas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e vintedous minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,